

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 19 de agosto de 2024 pola que se nomea o tribunal cualificador do proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, para o ingreso no grupo 1 (Dirección do Centro de Documentación e Apoio ao Consello).

De conformidade co establecido na base IV.1 da convocatoria que regula o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso no grupo 1 do Consello Económico e Social de Galicia (DOG núm. 246, do 28 de decembro de 2022), esta presidencia

RESOLVE:

Primeiro. Nomear os membros do tribunal, titulares e suplentes, que xulgarán o proceso selectivo, polo sistema de concurso-oposición, para o ingreso na praza de persoal laboral do Consello Económico e Social de Galicia, grupo 1 (Dirección do Centro de Documentación e Apoio ao Consello), convocado pola Resolución do 22 de decembro de 2022, que figura como anexo a esta resolución e que poderase consultar no portal web corporativo www.ces-galicia.org

Segundo. Declarar de aplicación a este proceso selectivo as normas de funcionamento e actuación dos tribunais e do persoal colaborador, negociadas e aprobadas, á disposición das persoas interesadas no portal web corporativo www.ces-galicia.org

Terceiro. Esta resolución producirá os seus efectos a partir do mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de agosto de 2024

Manuel Pérez Álvarez
Presidente do Consello Económico e Social de Galicia

CVE-DOG: mqrtq4-eaj6-nr12-93s8-oxl3ow2fig8



ANEXO I**Tribunal cualificador**

Presidenta titular	Patricia Roiloa Rodríguez	Persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia	Subgrupo A1
Secretaria titular	Vanessa Brea Lago	Persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia	Subgrupo A1
Vogal titular	Sonia Otero Rey	Persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia	Subgrupo A1
Vogal titular	José Luis Maestro Castiñeiras	Persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia	Subgrupo A1
Vogal titular	Alfonso García Magariños	Persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia	Subgrupo A1
Presidente suplente	Dalmiro Núñez Méndez	Persoal funcionario con habilitación de carácter nacional	Subgrupo A1
Secretario suplente	Celso Araújo Castro	Persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia	Subgrupo A1
Vogal suplente	Guillermo Otero Piñeiro-Maseda	Persoal funcionario do corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia	Subgrupo A1
Vogal suplente	Margarita Fernández Sobrino	Persoal funcionario con habilitación de carácter nacional	Subgrupo A1
Vogal suplente	Belén López López	Persoal funcionario con habilitación de carácter nacional	Subgrupo A1

